

PRIMEIRA CIRCULAR

(26 de outubro do 2015)

No 2007 tivo lugar en Zaragoza o I Encontro de Mozos Investigadores en Historia Contemporánea como unha actividade pioneira na realización de reunións destinadas a investigadores e investigadoras noveis. Unha década e cinco Encontros despois volvémonos a reunir na capital de Aragón nos días **6, 7 e 8 de setembro do 2017** con motivo da celebración do **VI Encontro Internacional de Mozos Investigadores**, formando parte así da tradición bienal destes congresos. Ditos Encontros recolle polo tanto a herdanza dos anteriores querendo ofertar un espazo de reunión, de debate e de posta en común dos temas de investigación en curso. A filosofía do evento é priorizar debates horizontais e traballo colectivo dos mozos contemporaneístas que están desenrolando a súa labor historiográfica.

Nesta PRIMEIRA CIRCULAR abrimos a convocatoria de propostas para as mesas-taller e *Scriptoria* dirixidos por un ou varios coordinadores. As proponentes deberán completar o formulario ao que se pode acceder a través do blogue, e enviálo á dirección joveneshistoria2017@gmail.com antes do **1 de marzo de 2016**. No referente aos participantes, nun principio non se contempla a posibilidade de proporcionar aloxamento e axudas de transporte. A continuación explicamos cal é a filosofía e a normativa respecto a estes dous espazos de debate e traballo.

Mesas-taller: un dos propósitos destes encontros é evitar a fragmentación de temáticas históricas e potenciar o diálogo. Por isto o Comité Organizador decidiu fixar un número de talleres que oscilará entre os 15 e 20; deste xeito prescindiremos de propostas de mesa dunha temática excesivamente concreta e valoraremos a transversalidade; en cada mesa considerarase un máximo de 15 comunicacións sometidas posteriormente a debate.

Unha vez recibidas as propostas da mesa e ate o envío da SEGUNDA CIRCULAR (maio de 2016) procederase a unha fase de renegociación entre os proponentes e o Comité Organizador para formular a posible fusión de mesas (fusión que non unión) de temáticas semellantes que poidan confluír nun debate de interese xeral. O Comité Organizador recomenda encarecidamente que as mesas-taller prescindan das intervencións persoais sobre o texto de cada comunicante; pola contra, os coordinadores fomentarán o debate a través da elaboración dun dossier previo. Dito dossier facilitará a cohesión de cada mesa (en especial daquelas fusionadas), centrará os eixos do debate e fará innecesaria a tradicional ronda de presentacións.

Scriptoria: a raíz de experiencias previas en pasados Encontros, onde o debate e as ideas non xurdían nas mesas-taller senón despois, naceu a idea dos *Scriptoria*, porque participar nun Congreso vai máis alá de presentar un *paper*. Así pois, que son os *Scriptoria*?: en esencia consisten nun proxecto de traballo colectivo que se realiza antes, durante e despois do Encontro. A súa finalidade é poñer en contacto a investigadores e investigadoras que queiran desenrolar ou poñer en marcha proxectos de diversa índole académica, investigadora ou divulgadora da Historia. É un proceso vivo, aberto e innovador no que cabe case calquera idea que se afaste dunha mesa-taller tradicional.

Así pois un *Scriptoria* pode ser, por exemplo:

- Sacar adiante unha obra colectiva como un monográfico, un artigo, un libro.
- Por en marcha unha publicación periódica.
- Facer un proxecto de memoria oral.
- Organizar unha exposición.
- Idea unha ruta histórica.
- Elaborar proxectos de divulgación histórica, como documentais, etc.
- Organizar un debate sobre unha metodoloxía historiográfica.
- Un taller de escritura da Historia, etc.

As propostas enviaranse igualmente ao correo indicado cun límite previsto de 8 *Scriptoria*. Cando se reciba a proposta dun *Scriptoria* farase público na web do Encontro para que calquera persoa interesa poda sumarse ao mesmo. En canto á data de recepción, atrasarase o necesario ate que se consoliden ditos grupos.

Unha vez pechado o prazo, o Comité Organizador dará resposta sobre a configuración das Mesa-taller e *Scriptoria* á maior brevidade posible e antes do envío da SEGUNDA CIRCULAR. Tras os citados envíos darase confirmación con acuse de recibo.

Agradecendo de antemán a vosa atención, recibide un cordial saúdo.

O Comité Organizador.